

### ACTIVIDADES

- Programación Sala Marilyn Monroe, maio 2019. Fórum Metropolitano
- Documental "O soño de papá". Fórum Metropolitano
- Proxeccións sobre a guerrilla antifranquista en Galicia. Fundación Seoane
- XuvenCiencia, campamento científico da USC
- Un libro, unha pegada. Biblioteca Fórum Metropolitano
- II Festival RESIS de Música Contemporánea
- AgoraSón 2019. Centro Ágora
- Axenda semanal de concertos na Coruña

### BOLSAS

- Programa de Inmersión Lingüística en inglés en colonias de vacacións. Ministerio de Educación
- Axudas para actividades formativas STEM en lingua inglesa, STEMweek. Consellería de Educación
- Bolsas para participar no programa Recuperación e Utilización Educativas de Pobos Abandonados. Ministerio de Educación
- Prazas de aloxamento no Servizo Universitario de Residencias da USC, 2019/2020

### CURSOS

- Admisión Escola Municipal Música, curso 2019-2020
- Introducción á técnica do óleo. Museo de Belas Artes da Coruña
- Conversa en inglés na Biblioteca Provincial. Biblioteca Provincial da Deputación

### CONCURSOS

- RUARTE Fest: convocatoria para artistas. Concello da Coruña
- XVI Premio de ilustración e narración Pura e Dora Vázquez. Deputación de Ourense
- XV Mostra de Teatro, Premios Lugoís Freire 2019. Concello de Sada
- V Concurso "Galicia, Auga, Lieratura e Rap". La Voz de Galicia
- VI Concurso Nacional de Coros Escolares. Ministerio de Educación
- XV Certame de artes plásticas. Deputación Ourense

### VARIOS

- Orzamentos Participativos 2019. Concello da Coruña
- Réxime de uso das instalacións xuvenís: oferta concertada 2019. Dirección Xeral de Xuventude
- Proxecto EMPRURAL: emprendemento xuvenil no rural. Dirección Xeral de Xuventude
- Guía TI ELIXES! 2019. CMIX

## ACTIVIDADES

### Programación Sala Marilyn Monroe, maio 2019

A sala Marilyn Monroe do Fórum Metropolitano presenta en maio o XII Ciclo de Cinema Obreiro "Saíndo da Fábrica", coordinado polo antropólogo Adolfo Naya.

Como todos os anos, ao finalizar as proxeccións dos venres realizaranse charlas coloquio con diferentes convidados

**CANDO:** do 02/05/2019 ao 01/06/2019

- 2, 3 e 4 de maio: "**Tribunal**" (*Court*), de Chaitanya Tamhane (India, 2014). V.O.S en castelán. NRM de 7 anos + venres 3: charla coloquio con Adolfo Naya, coordinador do ciclo
- 9, 10 e 11 de maio: "**A muller da montaña**" (*Kona fer í sreíð*), de Benedikt Erlingsson (islandia, 2018). V.O.S en castelán. NRM de 7 anos + venres 10: charla coloquio con Ana Fernández Faya, sindicalista
- 16, 17 e 18 de maio: "**Un minuto de gloria**" (*Slava*), de Kristina Grozeva e Petar Valcharov (Bulgaria, 2016). V.O. En castelán. NRM de 12 anos + venres 17: charla coloquio con Héctor Tejón, sociólogo
- 23, 24 e 25 de maio: "**A fábrica da nada**", de Pedro Pinho (Portugal, 2017). V.O.S. En castelán. NRM de 12 anos + venres 24: só haberá unha presentación, non debate, de Adolfo Naya
- 30 e 31 de maio e 1 de xuño: documental "**China Blue**", de Micha X. Peled (EEUU, 2007). V.O.S. En castelán. Todos os públicos + venres 31: charla coloquio pendente de confirmar

**HORARIO:** xoves e venres ás 20.15 h., e sábados ás 17.15 e 20.15 h.

\*agás "A fábrica de nada" que se proxectará únicamente ás 20:15 h.

**PREZO:**

- 3 € (+65 anos, persoas desempregadas ou carné xove, 2 €)
- Sesións do espectador (sábados 17.15 h): prezo único 1,50 €
- Abono 5 películas: 12 €

**Venda de entradas:**

- No despacho de billetes, media hora antes de cada función (se quedan entradas dispoñibles)
- Na conserxería de Fórum, de luns a venres de 9 a 14 e de 16 a 20 h e sábados de 10 a 13 h.

**CONTACTO:**


**Fórum Metropolitano**

R/ Río Monelos, 1 (15006 - A Coruña)

Tel.: 981 184 293

[www.facebook.com/forummetro](http://www.facebook.com/forummetro)

Web: [www.coruna.gal/cultura](http://www.coruna.gal/cultura)



### Documental "O soño de papá"

A Asociación de Veciños Oza Gaiteira Os Castros e a Asociación cultural Alexandre Bóveda proxectan no Fórum Metropolitano, e dentro do ciclo Cine de Barrio, "O soño de papá", un documental de Xavier Bermúdez sobre o soño de formar parte da élite futbolística

**CANDO:** 06/05/2019

**HORARIO:** 19.30 h

**PREZO:** de balde (ata completar capacidade)

**LUGAR / INFORMACIÓN:**

**Fórum Metropolitano**

C/ Río Monelos, 1 (15006 - A Coruña)

Tel.: 981 184 293

correo-e: [forum@coruna.es](mailto:forum@coruna.es)

[www.facebook.com/ForumMetro](http://www.facebook.com/ForumMetro)

Web: [www.redeozza.org](http://www.redeozza.org)



## ACTIVIDADES

### Proxeccións sobre a guerrilla antifranquista en Galicia na Fundación Seoane

A Fundación Luis Seoane, en colaboración coa Comisión pola Recuperación da Memoria Histórica da Coruña, acollerá a proxección de "A persistência desobediente" de Fernando José Pereira e "O nudo sen palabras do olvido" de Rui Manuel Vieira, dúas películas de 16 e 45 minutos de duración respectivamente centradas en diferentes aspectos da guerrilla antifranquista en Galicia, máis coñecida como maquis

**CANDO:** 09/05/2019

**HORARIO:** ás 18.00 h.

**PREZO:** entrada libre ata completar capacidade

**LUGAR / INFORMACIÓN:**


**Fundación Luis Seoane**

R/ San Francisco, 27 (15001 - A Coruña)

Tel.: 981 216 015

correo-e: [info@fundacionluisseoane.gal](mailto:info@fundacionluisseoane.gal)

Web: <https://fundacionluisseoane.gal>



### XuvenCiencia, campamento científico da USC

O Grupo de Divulgación da Ciencia e da Tecnoloxía da USC organiza o Campus XuvenCiencia, o campamento científico da USC no Campus Terra de Lugo.

**CANDO:** do 1 ao 5 de xullo 2019 no Campus Universitario de Lugo, con programa científico de día, actividades lúdicas de tarde e noite, e o aloxamento (*entrada o domingo 30 de xuño, desde ás 18 ata as 21 h., e saída o sábado 6 de xullo, desde as 9 ata as 10:30 h.*)

**INSCRICIÓNS:** o proceso de inscrición desenvolverase en 3 pasos (preinscrición-preferencias-matrícula) cada un co seu formulario electrónico dispoñible na web

**PRAZOS:**

- do 3 de maio desde as 15:30 h. ata o 12 de maio ás 24:00 h: encher os formularios de preinscrición e das preferencias na web
- 15 de maio: publicación da 1ª lista de admitidos/as e da lista de agarda na web
- do 15 de maio ata o 21 de maio ás 24:00 h: matrícula da 1ª lista de admitidos/as
- 22 de maio: publicación da 2ª lista de admitidos/as na web.
- Do 22 de maio ata o 28 de maio 24:00 h: matrícula da 2ª lista de admitidos/as
- 29 de maio: 3ª e última lista de admitidos/as

*Adxudicación das prazas por orde de recepción da preinscrición e segundo as prazas dispoñibles para alumnado novo e veterano.*

**PREZO:** 160 €

**Inclúe:** participación nas actividades do Campus (material necesario para o Campus, seguro, xantar e almuerzo de media mañá e diploma de participación da USC) + pensión completa desde o domingo 30 de xuño ao sábado 6 de xullo (6 noites de aloxamento con almuerzo e cea) + acompañamento de monitores titulados da A.D.C. Lumieira Lugo.

**REQUISITOS:**

- Alumnado de 4º ESO e 1º BAC (ata 2º BAC para os veteranos)

**MÁIS INFORMACIÓN:**

**Grupo XuvenCiencia, Grupo de Divulgación da Ciencia e da Tecnoloxía da USC**

Dúvidas sobre o Campus

XuvenCiencia: [xuvenciencia@usc.es](mailto:xuvenciencia@usc.es) / tel. 982 821 517

Dúvidas sobre o programa de tarde e noite e o aloxamento:

[lumieiralugo@gmail.com](mailto:lumieiralugo@gmail.com)

Web: [www.xuvenciencia.org/campus](http://www.xuvenciencia.org/campus)



## ACTIVIDADES

### Un libro, unha pegada

A Biblioteca Fórum Metropolitano acolle durante o 2º trimestre do 2019 o ciclo temático "Un libro, unha pegada", co que se pretende destacar a importancia que ten a literatura clásica na cultura actual: repercute no cine, na arte, no teatro e nos escritores e escritoras actuais

Ademais da mostra bibliográfica seleccionada que acollerá a Biblioteca de abril a xuño, realizaranse unha serie de actividades complementarias.

#### CANDO:

- **MOSTRA:** do 01/04/2019 ao 29/06/2019

- **ACTIVIDADES:**

- luns, 13 de maio ás 19.00 h: **obradoiro "Por que renden os clásicos?"**, impartido por Dores Tembrás (*entrada libre ata completar capacidade*)
- mércores, 22 de maio ás 18.30 h.: **obradoiro de Caligrafía** (*inscrición previa desde o 15/05/2019 ao 22/05/2019 en [www.coruna.gal/bibliotecas](http://www.coruna.gal/bibliotecas)*)

**PREZO:** de balde

#### LUGAR / INFORMACIÓN:

**Biblioteca Fórum Metropolitano**

Rúa Río Monelos 1 (15006 - A Coruña)

Tel.: 981 184 298 - correo-e: [bforum@coruna.es](mailto:bforum@coruna.es)

[www.facebook.com/bibcoruna](https://www.facebook.com/bibcoruna)

Web: [www.coruna.gal/bibliotecas](http://www.coruna.gal/bibliotecas)



### II Festival RESIS de Música Contemporánea e Artes Relacionadas

A Asociación Cultural AÍS organiza RESIS, un festival anual de música contemporánea e artes relacionadas que no 2019 presenta a súa 2ª edición. Trátase dun punto de encontro próximo e aberto entre creadores e público, no que converxen a música e a creación de vangarda e que se desenvolve en diferentes espazos da Coruña

**CANDO:** do 03/05/2019 ao 01/06/2019

- **do 3 ao 30 de maio** ás 20.00 h. en **NORMAL:** "Cosmos", de Begoña M. Santiago. VÍDEO INSTALACIÓN SONORA. *Entrada libre*
- **4 de maio** ás 20.00 h. na **Irexa das Capuchinas:** "Ubume", de César Viana & Luz Arcas. INTERVENCIÓN ARTÍSTICA. *Entrada libre*
- **10 de maio** ás 20:00 h. en **NORMAL:** "A pantasma dun xesto", Romina Casile & Marco Maril. INTERVENCIÓN ARTÍSTICA. *Entrada libre*
- **11 de maio** ás 20.00 h. na **Domus:** "Gran Torso: seis miradas da música contemporánea". CONCERTO. *Inscrición previa (na Domus)*
- **18 de maio** ás 20.00 h. na **Fundación Luis Seoane:** documental "Correspondencias Sonoras", de Manuel del Río. PROXECCIÓN. *Entrada Libre*
- **18 de maio** ás 20.30 h. na **Fundación Luis Seoane:** "Traxedia da escoita", de David Durán. CONCERTO/ENCANTRO. *Entrada Libre*
- **25 de maio** ás 20.00 h. no **Paraninfo da UDC:** "Fluxo / Flujo / Flow", de Vertixe Sonora. CONCERTO. *Entrada Libre*
- **1 de xuño** ás 19.30 h. no **Museo de Belas Artes da Coruña:** "Música para unha época", de Haché Costa & Jacobo Gaspar. CONCERTO. *Entrada libre.*

#### MÁIS INFORMACIÓN:

**Resis Festival**

Tel.: 679 45 11 55

correo-e: [resisfestival@gmail.com](mailto:resisfestival@gmail.com)

[www.resisfestival.com](http://www.resisfestival.com)



## ACTIVIDADES

### AgoraSón 2019

Con motivo do Día das Letras Galegas e para promover a lectura galego, o Servizo de Normalización Lingüística do Concello da Coruña organiza o AgoraSón 2019, coas Tanxugueiras en concerto. Tanxugueiras acadaron co seu último traballo o premio MIN ao mellor álbum en galego

**CANDO:** 10/05/2019

**HORARIO:** 21:00 h.

**PREZO:** gratuíta con convite\*

\*os convites (máximo 2 por persoa) repartiranse nas [Bibliotecas Municipais da Coruña](#) con cada préstamo de libros en galego, dende o luns 29 de abril até esgotárense

**LUGAR / INFORMACIÓN:**

**Centro Ágora**

Lugar da Gramela, 17 (15010 - A Coruña)

Tel.: 981 189 888 - correo-e: [agora@coruna.es](mailto:agora@coruna.es)

[www.coruna.gal/agora](http://www.coruna.gal/agora)

**Rede de Bibliotecas Municipais da Coruña**

[www.coruna.gal/bibliotecas](http://www.coruna.gal/bibliotecas)

**Web:** [www.coruna.gal/lingua](http://www.coruna.gal/lingua)



### Axenda de concertos na Coruña

Programación de concertos desta semana nas salas de concertos e outros espazos da cidade

**Teatro Colón.** Avda. da Marina, 7 (15001 - A Coruña)

[www.facebook.com/TeatroColonACoruna/](https://www.facebook.com/TeatroColonACoruna/)

sábado 4 ás 20:30 h: **DE VACAS**. Entradas: de 6€ a 10€

**Palacio da Ópera.** Glorieta América (15004 - A Coruña)

[www.palaciodelaopera.com](http://www.palaciodelaopera.com)

sábado 4 ás 21.30 h.: **ROZALÉN**. Entradas: desde 22€

**Palaxco.** Peirao de Transatlánticos (15003 - A Coruña)

[www.facebook.com/Palaxco](https://www.facebook.com/Palaxco)

sábado 4 ás 21.00 h.: **"ELVIS VIVE", con GREG MILLER**. Entradas: desde 18€

**Museo de Belas Artes.** R/ Zalaeta, s/n (15002 - A Coruña)

<http://museobelasartescoruna.xunta.gal>

sábado 4 ás 12.00 h.: **ENSEMBLE DE GUITARRAS E ARPA**. Entradas: gratis

domingo 5 ás 12.00 h.: **ENSEMBLE ALLETTAMENTO** (dúo violín e violonchelo). Entradas: gratis

**Sala Mardi Gras.** Travesía da Torre, 8 (15002-A Coruña)

[www.facebook.com/salamardigras](https://www.facebook.com/salamardigras)

xoves 2 ás 21:00 h: **THINK INSIDE ME + EAGER PLATYPUS**. Entradas: 5€/7€

sábado 4 ás 21:00 h: **EMBUSTEROS**. Entradas: 8€

domingo 5 ás 18.00 h: **LOS PLUTONES**, especial *The Beatles*. Entradas: 5€

**Bâbâ Bar.** R/ Pérez Cepeda, 23 (15004 - A Coruña)

[www.facebook.com/baba.bar.7](https://www.facebook.com/baba.bar.7)

venres 3 ás 22.00 h: **"EN FRANCÉS"**, Regine Reine, Lito Martinez e Marcos Martin. Entradas: 5€

sábado 4 ás 22:00 h: **DAVID EL CUERDAS & THE K'LANDRAKERS**. Entradas: 5€

**Sala Garufa Club.** R/ Riazor, 5 (15004-A Coruña)

[www.facebook.com/SalaGarufaClub](https://www.facebook.com/SalaGarufaClub)

xoves 2 ás 22.00 h.: **MUSE & COLDPLAY by GREEN COVERS**. Entrada: 12€

venres 3 ás 20.00 h: **CHIKI LORA**. Entrada: 6€

sábado 4 ás 23.00 h.: **SON AL SON**. Entrada: 8€

**Jazz Filloa.** R/ Cega, s/n (15003 - A Coruña)

[www.facebook.com/Filloa-Jazz-Club](https://www.facebook.com/Filloa-Jazz-Club)


venres 3, pases ás 22.00 e 23.00 h: **DAVID LOJO CUARTETO**. Entrada: 8€

sábado 4, pases ás 22.00 e 23.00 h: **DANIEL CASARES TRÍO**. Entrada: 7€

luns 6, pases ás 22.00 e 23.00 h: **HUGO FERREIRA TRÍO**. Entrada: 7€

martes 7, pases ás 22.00 e 23.00 h.: **JOE LOVANO TRIBUTTO + JAM**. Entrada: 8€





## BOLSAS

### Programa de Inmersión Lingüística en inglés en colonias de vacacións para o verán 2019

O Ministerio de Educación e Formación Profesional convoca bolsas para participar nun Programa de Inmersión Lingüística en inglés en colonias de vacacións, para o verán de 2019.

250 bolsas para alumnos de 1º de ESO e 250 bolsas para alumnos de 2º de ESO para a participación en colonias de dúas semanas de duración, durante os meses de xullo e agosto de 2019, en diferentes puntos da xeografía peninsular.

**CANDO:** as bolsas distribúense, en 2 quendas e en 3 grupos de acordo co nivel educativo e as circunstancias persoais e sociais de cada alumno:

- 1ª quenda (alumnado 1º de ESO): **do 7 ao 20 de xullo** de 2019  
Grupo I: un máximo de 70 bolsas  
Grupo II: un máximo de 80 bolsas  
Grupo III: un máximo de 100 bolsas
- 2ª quenda (alumnado 2º de ESO): **do 21 de xullo ao 3 de agosto** de 2019  
Grupo I: un máximo de 70 bolsas  
Grupo II: un máximo de 80 bolsas  
Grupo III: un máximo de 100 bolsas

**INSCRICIÓNS:** ata o **22 de maio de 2019**

A solicitude deberase cumprimentar mediante o formulario que estará dispoñible na sede electrónica do Ministerio de Educación e Formación Profesional.

#### REQUISITOS:

- Estar matriculado en centros sostidos con fondos públicos durante o curso 2018/2019
- Non ser beneficiario da bolsa en convocatorias anteriores.
- Para alumnos de 1º ESO:
  - Obter no curso 2017/18 un mínimo de notable (7) de nota media das seguintes materias: Lingua Castelá e Literatura, Matemáticas, Ciencias da Natureza, Ciencias Sociais e Inglés
  - Obter un mínimo de notable (7) como nota de Inglés no curso 2017-2018.
  - Os alumnos cualificados con necesidade específica de apoio educativo, poderán optar cunha nota mínima de aprobado (5) tanto na nota media das 5 materias anteriormente citadas como na de Inglés no curso 2017/18.
- Para alumnos de 2º ESO:
  - Obter no curso 2017/18 un mínimo de notable (7) de nota media das seguintes materias: Lingua Castelá e Literatura, Matemáticas, Bioloxía e Xeoloxía, Xeografía e Historia e Inglés
  - Obter un mínimo de notable (7) como nota de Inglés no curso 2017-2018.
  - Os alumnos cualificados con necesidade específica de apoio educativo, poderán optar cunha nota mínima de aprobado (5) tanto na nota media das cinco materias anteriormente citadas como na de Inglés no curso 2017/18.

**PREZO:** para completar o prezo total do programa, as persoas beneficiarias abonarán á empresa adxudicataria 30 € (as do Grupo I), 60 € (as do Grupo II) ou 190 € (as do Grupo III)

#### DOTACIÓN:

A adxudicación dunha axuda dará lugar á asignación automática dunha praza para participar na actividade.

#### MÁIS INFORMACIÓN:

**Ministerio de Educación e Formación Profesional**

Os Madrazo, 15 - 28014 Madrid

Teléfono: 910 837 937

Web: [www.educacionyfp.gob.es](http://www.educacionyfp.gob.es)

**PUBLICACIÓN:** [BOE](http://BOE) [26/04/2019](http://BOE)

**Base de Datos Nacional de Subvencións**

[BDNS](http://BDNS)(Identif.) [450328](http://BDNS)



## Axudas para actividades formativas STEM en lingua inglesa, STEMweek

A Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional convoca axudas para a realización das actividades formativas STEM en lingua inglesa, STEMweek, no ano 2019, destinadas ao alumnado dos centros docentes sostidos con fondos públicos.

Actividades de formación, dirixidas á mellora das competencias en lingua inglesa e competencia científico-tecnolóxica ou STEM (Ciencia, Tecnoloxía, Enxeñaría e Matemáticas) do alumnado que curse 3º ou 4º de ensino secundario obrigatorio no réxime xeral e matriculado en centros docentes sostidos con fondos públicos en Galicia, durante o curso 2018/19.

**CANDO:** de domingo ao sábado seguinte nas seguintes quendas por curso

Quenda	Lugar	Datas	Idioma	Prazas	Curso
1ª	CRD A Coruña	25-31 agosto de 2019	Inglés	100	3º ESO
2ª	CRD A Coruña	01-07 setembro 2019	Inglés	100	4º ESO

**LUGAR:** esta actividade realizarase en réxime de internado no CRD da Coruña (Centro Residencial Docente, O Burgo-Acea de Ama s/n, Culleredo, 15670)

**INSCRICIÓNS:** ata o 30 de maio de 2019

As solicitudes presentaranse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na [Sede electrónica: procedemento ED504G](#). Opcionalmente, poderanse presentar presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común

**REQUISITOS:**

- Estar cursando 3º ou 4º de educación secundaria obrigatoria no réxime xeral, en centros sostidos con fondos públicos, durante o curso 2018/19, na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Ter superadas todas as materias no curso 2017/18. De ser adjudicada unha praza obxecto desta convocatoria a un alumno/a de 4º de ESO que non teña superadas todas as materias do curso 2018/19, deberá renunciar a ela.
- Ter acadado no curso 2017/18 unha cualificación mínima de 6 na materia de Inglés.
- Non ter concedida, no presente curso académico, outra axuda coa mesma finalidade.

**DOTACIÓN:** participación gratuíta na actividade.

- Inclúe: monitores ou monitoras, docencia e material escolar, as actividades culturais, deportivas e complementarias dos cursos, manutención e aloxamento, certificado de realización da actividade e seguro de accidentes e de responsabilidade civil.
- Non inclúe: o traslado ata o lugar de celebración da actividade.

**MÁIS INFORMACIÓN:**

**Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional**

Tel: 881 997 635 / 981 546 510 / 981 546 515

Xefatura Territorial da Coruña:


R/ Vicente Ferrer, 2-7º (15071 - A Coruña)

Teléfono: 981 18 47 01

Web: [www.edu.xunta.gal](http://www.edu.xunta.gal)

**PUBLICACIÓN:** [DOG 24/04/2019](#)





## BOLSAS

### **Bolsas para participar no programa Recuperación e Utilización Educativas de Pobos Abandonados**

O Ministerio de Educación e Formación Profesional convoca bolsas para participar no programa nacional "Recuperación e Utilización Educativa de Pobos Abandonados" durante as quendas de verán de 2019. Este Programa contempla o traballo en distintos ámbitos: ambiental, saúde, respecto e convivencia, recuperación cultural e física, incidindo de forma especial na educación ambiental e o recoñecemento do importante papel que xoga o medio ambiente na vida das persoas e no desenvolvemento da sociedade, así como a necesidade de tomar decisións e de actuar para evitar o seu deterioro

#### **REQUISITOS:**

- Alumnado de centros docentes españois que cursen 3.º ou 4.º de ESO, FP Básica, ciclos formativos de Grao Medio de FP, ciclos formativos de Grao Medio de Ensinos Artísticos ou Bacharelato, e de Seccións españolas en centros doutros países membros da UE.

**LUGAR:** o Programa desenvólvese en tres pobos: Búbal (Huesca), Granadilla (Cáceres) e Umbralejo (Guadalajara).

**CANDO:** no mes de xullo, en 4 quendas:

- a) Alumnos de 3º e 4º de ESO, de FP Básica e alumnos de Seccións españolas en centros da UE con idades comprendidas entre os 15 e 16 anos:
  - 1ª quenda: do 7 ao 13 de xullo, cun total de 175 prazas.
  - 3ª quenda: do 21 ao 27 de xullo, cun total de 175 prazas.
- b) Alumnos de Bacharelato, ciclos formativos de Grao Medio de FP, ciclos formativos de Grao Medio de Ensinos Artísticos e alumnos de Seccións españolas en centros da UE con idades comprendidas entre os 17 e 18 anos:
  - 2º quenda: do 14 ao 20 de xullo, cun total de 175 prazas
  - 4º quenda: do 28 de xullo ao 3 de agosto, cun total de 175 prazas

**INSCRICIÓNS:** ata o 13 de maio de 2019

O alumnado que desexe participar, deberá solicitalo no formulario accesible por vía telemática na sede electrónica do Ministerio de Educación e FP

**DOTACIÓN:** participación gratuíta na actividade

#### **MÁIS INFORMACIÓN:**

**Ministerio de Educación e Formación Profesional**

c/ Os Madrazo, 15-17. 28014 Madrid

Correo-e: [programas@educacion.gob.es](mailto:programas@educacion.gob.es)

WEB: [www.educacionyfp.gob.es](http://www.educacionyfp.gob.es)

**PUBLICACIÓN:** [BOE](http://BOE) 26/04/2019

**Base de Datos Nacional de Subvencións:**

[BDNS](http://BDNS)(Identif.): 450367





## Prazas de aloxamento no Servizo Universitario de Residencias da USC, 2019/2020

A Universidade de Santiago de Compostela abre a convocatoria de prazas de aloxamento do Servizo Universitario de Residencias (SUR) para o curso 2019-2020, un total de 1.071 prazas repartidas por sectores e grupos

### REQUISITOS:

a) Estudantado de nova admisión:

- Estudantes de grao, de 1º e 2º ciclo, de másteres universitarios oficiais e de títulos propios que se matriculen nun centro da USC durante o curso 2019-2020
- Persoas matriculadas nun programa de doctorado a tempo completo durante o curso 2019-2020 e investigadores/as en formación.

b) Estudantado de readmisión

c) Personal Docente e Investigador (PDI) e Personal de Administración e Servizos (PAS)

**INSCRICIÓN:** do 2 de maio ao 28 de xuño de 2019 ata as 14.00 h

- A solicitude cumplimentarase no formulario web [www.usc.es/es/servizos/sur/convocatorias.html](http://www.usc.es/es/servizos/sur/convocatorias.html)
- Presentarase unha única solicitude por persoa, grupo e campus acompañada da documentación requirida no Servizo de Axudas e Servizos ao Alumnado (Pavillón Estudantil - Campus Vida) ou por calquera dos procedementos recollidos na normativa de procedemento administrativo.

### CALENDARIO:

- Publicación da lista provisoria: 11 xullo
- Prazo de reclamación ou entrega de documentación pendente: ata o 26 de xullo
- Publicación da lista definitiva: 30 de xullo
- Confirmación da lista de agarda: ata o 5 de agosto
- Reserva de praza adxudicada: do 30 de xullo ao 5 de agosto
- 1º movemento da lista de agarda: 8 de agosto
- 2º movemento da lista de agarda: 21 de agosto

### DOTACIÓN:

- As cotas e prezos dependerán do resultado do baremo, que terá en conta os criterios económicos (niveis de renda familiar) e os académicos establecidos nas bases da convocatoria
- Estas axudas son incompatibles coa dotación para residencia da convocatoria xeral de bolsas do Ministerio de Educación e FP, o alumno terá que escoller entre as dúas

### MÁIS INFORMACIÓN:

#### **Vicerreitoría de Estudantes e Formación Continua da USC**

Servizo de Axudas e Servizos ao Alumnado  
Pavillón estudantil, 1º andar - Campus Vida (15782  
Santiago de Compostela)

Tlf.: 881 814 574 / 881 814 575 / 881 814 582

Correo-e: [sur@usc.es](mailto:sur@usc.es)

Web: [www.usc.es/es/servizos/sur/convocatorias.html](http://www.usc.es/es/servizos/sur/convocatorias.html)  
[bases da convocatoria .pdf \(181 KB\)](#)



**CURSOS****Admisión Escola Municipal Música, curso 2019-2020**

A Escola Municipal de Música abre o prazo de preinscrición para o curso 2019-2020, e a lista de prazas vacantes para a preinscrición estará dispoñible na web da Escola Municipal de Música o 13 de maio de 2019

**REQUISITOS:**

- A preinscrición é obrigatoria para todo o alumnado de novo ingreso e un requisito imprescindible para formalizar posteriormente a matrícula. A lista de prazas vacantes para a preinscrición estará dispoñible na web da Escola Municipal de Música
- As persoas que queiran asistir ao Taller de Coro ou Gaita realizarán unha entrevista.
- Idade:
  - Para "Música e Movemento": de 4 a 7 anos.
  - Área Xeral: a partir dos 8 anos.

Nos criterios de admisión para as prazas vacantes, terán prioridade:

- Solicitantes empadroados no Concello da Coruña.
- Solicitantes cun irmá, menor de 18 anos, matriculado no centro.
- Solicitantes de menos idade según a súa data de nacemento.
- No caso de Música e Movemento adxudicaránse as prazas de acordo co resultado do sorteo das primeiras letras do apelido que efectúa cada ano a Xunta de Galicia para os centros educativos.  
*\* Curso 2019-2020, as letras son: "E" e "C" para o primeiro apelido e "U" e "P" para o segundo apelido.*

**PREINSCRICIÓN:** na sede da Escola, **do 13 ao 21 de maio** de 2019 en horario de luns a venres de 9.00 a 14.00 h. (só para alumnado novo)

**CALENDARIO:**

- Publicación das prazas disponibles: 13 de maio na EMM e na web.
- PREINSCRICIÓN do 13 ao 21 de maio na EMM
- Listas persoas admitidas: 27 de maio na EMM e na web.
- MATRÍCULA:
  - Alumnado antigo: do 23 ao 30 de abril de 2019
  - Alumnado novo: do 27 de maio ao 7 de xuño de 2019

**PREZO:**

- Matrícula: 69,52€ / 30€ (reducida)\*
- Mensualidades: 56,61€ (área xeral) / 44,25€ (música e movemento) 56,08€ c/práct. instrumental / 24,70€ talleres)

*\*a matrícula reducida é só para o alumnado menor de 18 ou persoas xubiladas, empadroadas no Concello da Coruña, con ingresos anuais netos menores de 3.971€ por cada membro da unidade familiar*

*\*\*estarán exentos de matrícula os segundos e demais fillos menores de 18 anos empadroados na Coruña.*

**MÁIS INFORMACIÓN:**

**Escola Municipal de Música da Coruña**

Rúa da Torre, 67. (15002 – A Coruña)

Tlf. 981 226 752

[emusica@coruna.es](mailto:emusica@coruna.es)

[www.coruna.gal/emm](http://www.coruna.gal/emm)



**CURSOS****Introducción á técnica do óleo**

O Museo de Belas Artes da Coruña organiza o obradoiro de pintura "Introducción á técnica do óleo" que será impartido por Yolanda Dorda

A colección permanente do Museo de Belas Artes da Coruña servirá como punto de partida para desenvolver a técnica do óleo, un método de pintura que utiliza o aceite para mesturar os pigmentos e que permite unha gran riqueza e calidade de tonalidades e cores

**CANDO:** do 04/05/2019 ao 08/06/2019, os sábados

**HORARIO:** de 11.00 a 13:00 h

**PREZO:** 30 € (amigos museo 25 €)

**REQUISITOS:**

- inscrición previa no tel. 881 881 700 (de luns a venres de 9.30 a 14.30 h.) ou por correo-e a [mu.belas.artes.difusion@xunta.gal](mailto:mu.belas.artes.difusion@xunta.gal)
- prazas limitadas, adxudicarnase por rigurosa orde de inscrición

**LUGAR / INFORMACIÓN:**

**Museo de Belas Artes da Coruña**

R/ Zalaeta s/n (15002 - A Coruña)

Tel.: 881 881 700

correo-e: [mu.belas.artes.coruna@xunta.es](mailto:mu.belas.artes.coruna@xunta.es)

Web: <http://museobelasartescoruna.xunta.gal>

**Conversa en inglés na Biblioteca Provincial**

A Biblioteca Provincial da Deputación organiza para os meses de maio e xuño faladoiros de conversación en inglés cunha persoa nativa, destinados a todas aquelas persoas que teñen un nivel medio-alto de inglés e queiran practicar a expresión oral

**CANDO:** do 02/05/2019 ao 21/06/2019, os luns, mércores, venres e sábados

**HORARIO:**

- mañás, na Sala Manuel López:
  - 1ª sesión: de 10:30 a 11:30 h.
  - 2ª sesión: de 12:00 a 13:00 h.
- tardes, na sala CAM:
  - 1ª sesión: de 17:30 a 18:30 h.
  - 2ª sesión: de 19:00 a 20:00 h.
- sábados, na Sala Manuel López: de 12.30 a 13.30 h.

*\*as sesións son independentes, non é preciso acudir tódolos días*

**REQUISITOS:**

- Idade: a partir de 16 anos
- Nivel medio-alto de inglés
- Non é necesaria inscrición previa, a entrada será libre ata completar aforo de 20 persoas por sesión

**PREZO:** gratuito

**LUGAR / INFORMACIÓN:**

**Biblioteca Provincial da Coruña**

R/ Riego de Agua, 37 (15001 - A Coruña)

Tel.: 981 08 01 75

correo-e: [biblioteca.info@dacoruna.gal](mailto:biblioteca.info@dacoruna.gal)

Web: <http://deputaciondacoruna.tubiblioweb.com>



## CONCURSOS

### RUARTE Fest: convocatoria para artistas

Con motivo da celebración o próximo 19 de maio do festival de arte urbana RUARTE, a Concellaría de Medio Ambiente lanza unha convocatoria para seleccionar artistas para intervir no barrio do Orzán e tamén para que os espazos interesados en colaborar se poidan inscribir.

O xurado elixirá ás e ós artistas que participarán en RUARTE Fest e dará a coñecer os resultados da selección antes do 10 de maio 2019

**INSCRICIÓN:** ata o 08/05/2019 ás 23:59 h.

**REQUISITOS:**

- Destinatarios/as: artistas urbanos, graffiteiros/as, ilustradores/as, pintores/as e todo tipo de artistas e creadores/as maiores de idade cunha proposta apta e interesante para as rúas do barrio do Orzán
- A temática e o estilo artístico son abertos, pero non se permitirán bosquexos/artes finais ofensivos ou ferintes
- A solicitude farase mediante o formulario online dispoñible na web <http://ruarte.coruna.gal/>, e deberá incluír: - datos persoais - breve currículo artístico e ligazón a traballos previos - descrición e bosquejo da proposta para RUARTE Fest
- Só se admitirá unha solicitude por artista ou colectivo

**DOTACIÓN:**

*Non haberá remuneración en metálico por cada traballo, pero cada artista seleccionado recibirá un vale para produtos de pintura (máximo 200€), que lle será entregado previamente*

O 19 de maio, un xurado elixirá as 3 mellores intervencións artísticas, cos seguintes premios:

- 1º premio: 800€
- 2º premio: 500€
- 3º premio: 300€

**MÁIS INFORMACIÓN:**

**RUARTE Fest**

correo-e: [ruartefest@gmail.com](mailto:ruartefest@gmail.com)

Web: <http://ruarte.coruna.gal>

\*Arquivo: [bases convocatoria .pdf \(757 KB\)](#)



### XVI Premio de ilustración e narración Pura e Dora Vázquez

A Deputación de Ourense convoca a XVI edición do Premio de ilustración e narración "Pura e Dora Vázquez" de literatura infantil e xuvenil, nas modalidades de narración e ilustración.

**INSCRICIÓN:**

1. Modalidade Narración: ata o 20/05/2019
2. Modalidade Ilustración: ata o 02/09/2019

**REQUISITOS:**

- Modalidade narración:

- Autores de calquera nacionalidade con orixinais en lingua galega, de temática libre, adaptada a un público infantil ou xuvenil, con textos inéditos e orixinais, cunha extensión mínima de 25 e máxima de 100 páxinas, tamaño A4, formato Word, letra Times New Roman, tamaño 12 e interlineado 1,5

- Modalidade ilustración:

- Ilustradores de calquera nacionalidade que presenten ilustracións e orixinais, non menos de 10, tomando como base o texto premiado en Narración neste XVI Premio Pura e Dora Vázquez
- As ilustracións deberán adaptarse ao tamaño do libro, que será: a) Ilustración de portada: 145 x 210 mm, tamaño visible da portada co libro pechado, sen sangue. 513,6 x 216 mm, tamaño total incluído solapas, contraportada e sangue. b) Ilustracións interiores: 296 x 216 mm, sobre páxina con sangue.

**DOTACIÓN:** un premio de 1.500€ por modalidade

**MÁIS INFORMACIÓN:**

**Deputación Provincial de Ourense**

Rúa do Progreso, 32 (32003 - Ourense)

Tfno: 988 317 500

[publicacions@depourense.es](mailto:publicacions@depourense.es)

Web: [www.depourense.es](http://www.depourense.es)

\*Arquivo: [Bases completas \(316 KB\)](#)



## CONCURSOS

### XV Mostra de Teatro, Premios Lugrís Freire 2019

O Concello de Sada programa XV Mostra de Teatro, Premios Lugrís Freire 2019, coa que pretende fomentar a cultura en xeral e as artes escénicas en particular. A Comisión de Selección proporará unha lista de 6 espectáculos que formarán o cartel da "XIV Mostra de Teatro Afeccionado de Sada"

**INSCRICIÓNS:** ata o 29/05/2019

**REQUISITOS:**

- Poderán concursar todos os grupos afeccionados, de calquera procedencia, co número de obras que desexe. Non se aceptarán obras xa escollidas en edicións anteriores do certame
- As obras poderán ser representadas en calquera idioma.

**DOTACIÓN:**

- Compañías seleccionadas: 800 €
- Mellor espectáculo do xurado: 400 €
- Mellor espectáculo do público: 400 €

**MÁIS INFORMACIÓN:**

**Concello de Sada**

Avenida da Mariña, 25 (15160-Sada)

[sada.cul@sada.gal](mailto:sada.cul@sada.gal)

Web: [www.concellodesada.com](http://www.concellodesada.com)

Publicación: **BOP 11-04-2019**



### V Concurso "Galicia, Auga, Lieratura e Rap"

La Voz de Galicia e VIAQUA convocan unha nova edición do concurso enmarcado no Programa Prensa-Escola co que, vén a destacar presenza da auga nas grandes obras da literatura galega. Nesta V edición o concurso formúlase baixo o título "Galicia, Auga, Literatura e Rap"

**INSCRICIÓNS:** ata o 31/05/2019

**REQUISITOS:**

- Residentes en Galicia nas seguintes modalidades: - Modalidade infantil: de 6 a 12 anos - Modalidade xuvenil: de 13 a 16 anos - Modalidade Profesor
- Os alumnos, de maneira individual ou en grupos dun máximo de 4 alumnos, deberán elixir un poema ou relato de entre os grandes clásicos da literatura galega que se atopen no dominio público, e gravarán un vídeo, desde calquera dispositivo, no que versionen a modo de rap o poema ou relato que elixisen
- Os traballos poderán presentarse en castelán ou galego. Poderán ser entregados por unha das seguintes vías: mediante correo electrónico dirixido a [prensa-escuela@lavoz.es](mailto:prensa-escuela@lavoz.es) indicando no asunto "Concurso: Galicia, auga, literatura e rap"; ou ben poderán entregarse en persoa en calquera das delegacións do xornal La Voz de Galicia, nun lapis de memoria.

**DOTACIÓN:** os premios para cada modalidade ( Infantil e Xuvenil) serán:

- 1.º premio aula: Proxector
- 1º premio alumno/s: Altofalante
- 2º premio alumno/s: Lote de libros de literatura galega.
- Premio profesor supervisor dos vídeos gañadores do 1º premio: Invitación a un espectáculo dos celebrados no Coliseum da Coruña ao longo do ano 2019.
- Premio Facebook: o vídeo con máis "me gusta" publicárase [www.lavozdeg Galicia.es](http://www.lavozdeg Galicia.es) e en prensa

**MÁIS INFORMACIÓN:**

**Prensa-Escola "La Voz de Galicia"**

Avenida da Prensa, 84-85. Polígono de Sabón  
(15143 - Arteixo)

Tfno.: 981 180 180 - mail: [prensa-escuela@lavoz.es](mailto:prensa-escuela@lavoz.es)

Web: <https://www.prensaescuela.es/>

\*Arquivo: [Bases completas \(277 KB\)](#)



## CONCURSOS

### VI Concurso Nacional de Coros Escolares

O Ministerio de Educación e Formación Profesional convoca o VI Concurso Nacional de Coros Escolares nos ensinos non universitarios correspondente ao curso escolar 2018-2019.

**INSCRIPCIÓN:** ata o 29/05/2019, a solicitude cumprimentaraa o centro educativo de forma telemática na [Oficina Virtual do Mº de Educación e FP](#)

**REQUISITOS:**

- Poderán participar centros educativos tanto públicos como privados, en 2 modalidades:  
 Modalidade A: Alumnos de educación primaria - Modalidade B: Alumnos de educación secundaria.
- O coro estará formado por un mínimo de 16 participantes e un máximo de 40, e debe integrar obrigatoriamente a alumnos do centro. O director poderá ser persoa allea ao claustro de profesores.
- Admítese percusión corporal, pero en ningún caso, acompañamento instrumental
- Cada coro presentará un repertorio de 4 obras cunha duración máxima de 15 min., 3 de libre elección e 1 obra obrigada. A gravación debe ter unha antigüidade non maior de 6 meses. \**Obras obrigadas:*
  - Para coros de Primaria de voces iguais: ["Dous bichos"](#). Música: [Eva Ugalde](#). Letra [Gloria Fortes e Eva Ugalde](#). (2 voces iguais)
  - Para coros de Secundaria de voces iguais: ["Zure gabezia"](#). Música: [Eva Ugalde](#). Letra: [Urko Bilbao](#). (3 voces iguais)
  - Para coros de Secundaria de voces mixtas: ["Zure gabezia"](#). Música: [Eva Ugalde](#). Letra: [Urko Bilbao](#). (4 voces mixtas).

**DOTACIÓN:** para cada modalidade:

- 1º Premio: 8000 € - 2º Premio: 3000 € - 3º Premio: 1000 €

**MÁIS INFORMACIÓN:**

**Ministerio de Educación e Formación Profesional**

C/ Os Madrazo 15-17 (28014 Madrid)

Tel.: 91 701 82 46 - mail: [programa.centros@mecd.es](mailto:programa.centros@mecd.es)

Web: [www.educacionyfp.gob.es](http://www.educacionyfp.gob.es)

Publicación: [BOE 25/03/2019](#)



### XV Certame de artes plásticas Deputación Ourense

A Deputación de Ourense convoca o XV Certame de Artes Plásticas para promover e apoiar ós novos valores nos distintos eidos das artes plásticas.

**INSCRIPCIÓN:** Ata o 15/06/2019

**REQUISITOS:**

- Poderán participar tódolos artistas con idades comprendidas entre os 18 e os 30 anos con obras non premiadas con anterioridade en ningún outro certame artístico.
- Establécense as modalidades de pintura, escultura, gravado e calqueira outro tipo de expresión artística (vídeo, arte dixital, instalacións, etc). Cada concursante poderá participar cun máximo de 2 obras, aínda que pertenza a distintas modalidades
- A temática será libre, admitíndose todo tipo de tendencia estética. Na realización da obra poderase empregar calqueira tipo de técnica e material.
- As obras axustaranse ás seguintes características:
  - Pintura: máximo 2 metros en calquera das súas dimensións
  - Escultura: altura máxima 1,80 metros e inferior a 1x1 metro.
  - Gravado e outras expresións artísticas: medidas libres

**DOTACIÓN:** os seguintes premios sen distinción de modalidade:

- 1º premio: 3.000 € - 2º premio: 2.000 € - 3º premio: 1.000 €  
 - 2 accésits de 500 € cada un

**MÁIS INFORMACIÓN:**

**Deputación Provincial de Ourense**

Rúa do Progreso, 32 (32003 - Ourense)

Tel.: 988 317 500 - mail: [publicacions@depourense.es](mailto:publicacions@depourense.es)

Web: [www.centroculturaldeourense.com](http://www.centroculturaldeourense.com)

\*Arquivo: [Bases completas \(300 KB\)](#)



## Orzamentos Participativos 2019: Fase de propostas

O Concello da Coruña abre a fase de presentación de propostas dos Orzamentos Participativos, unha ferramenta para que os veciños e veciñas da Coruña decidan libremente e de maneira directa en que empregar unha parte do orzamento do seu Concello.

Pódense facer propostas para toda a cidade (destinaranse 1 millón de euros) ou propostas para un dos [10 distritos](#) (200.000 € para cada distrito),

### Fases do proceso:

1. Información, debate e presentación de propostas
2. Apoios ás propostas
3. Avaliación das propostas priorizadas
4. Votación final.

### REQUISITOS:

- todas as persoas empadroadas na Coruña e maiores de 16 anos poderán propoñer, priorizar ou votar propostas para a cidade e para os seus distritos.
- para que as propostas sexan válidas, teñen que cumprir os seguintes requisitos:
  - ser un investimento
  - ser competencia do Concello
  - ser legal e ser viable tecnicamente.

**CANDO:** recollida de propostas **do 25 de abril ao 21 de maio de 2019** na web

<https://aportaaberta.coruna.es> ou nos seguintes puntos de apoio presencias e espazos de encontro:

- **Puntos de Apoio Presencial:**
  - Bibliotecas Municipais: [www.coruna.gal/bibliotecas](http://www.coruna.gal/bibliotecas)
  - Centro Municipal de Información Xuvenil: [www.coruna.gal/cmixon](http://www.coruna.gal/cmixon)
  - Centros Cívicos Municipais: [www.coruna.gal/servizossociais](http://www.coruna.gal/servizossociais)
  - Federación de Asociacións de Veciños de Coruña e Área Metropolitana: <http://favacoruna.com>
- **Espazos de encontro:** información y participación na rúa, onde se poderán facer propostas co apoio de persoal técnico a través de dispositivos móbiles:
  - sábados 4 e 11 de maio, na Praza de Lugo e no Obelisco, en horario de 17:00 a 21:00 h.
- **Encontros abertos á cidadanía:** onde debater e achegar propostas:
  - martes 7 de maio no Centro Cívico Municipal Labañou, ás 18:30 h.
  - mércores 8 de maio no Centro Cívico Municipal Monte Alto, ás 19:00 h.
  - xoves 9 de maio no TEU Ribeira Sacra 17 (Novo Mesoiro), ás 18:30 h.
  - luns 13 de maio, no Centro Cívico Municipal Os Mallos, ás 18:45 h.
  - martes 14 de maio, no Centro Cívico Municipal Castrillón, ás 18:30 h.

### MÁIS INFORMACIÓN:

**Concellaría de Participación e Innovación Democrática**

Tel.: 981 184 200 / 010

Correo-e:

[presupostos.participativos@coruna.es](mailto:presupostos.participativos@coruna.es)

Web: <https://aportaaberta.coruna.es>



**Orzamentos participativos 2019**

Achega as túas propostas de investimento para mellorar a túa cidade e os seus distritos

Dende o 25 de abril ata o 21 de maio, fai aquí as túas propostas e decide en que investir 3 millóns de euros do orzamento municipal de 2020: 1 millón para toda a cidade e 2 millóns repartidos equitativamente entre os 10 distritos. As túas ideas poden ser unha realidade.

Axuda sobre orzamentos participativos

## Réxime de uso das instalacións xuvenís: oferta concertada 2019

A Consellería de Política Social regula o uso de instalacións xuvenís dependentes desta consellería en réxime de oferta concertada, durante a campaña de verán de 2019, dirixida a asociacións xuvenís e as entidades que desenvolven actividades para a xuventude.

**INSCRIPCIÓN:** ata o 07/05/2019

- As entidades locais, outras entidades, asociacións e escolas de tempo libre presentarán as solicitudes obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na [sede electrónica: procedemento BS304A](#)
- Os grupos de persoas mozas non asociadas presentarán as solicitudes preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado da [sede electrónica: procedemento BS304A](#), e opcionalmente, poderanse presentar presencialmente en calquera dos lugares establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

**REQUISITOS:** poderán solicitar o uso das instalacións:

- As asociacións xuvenís, as entidades prestadoras de servizos á xuventude e as escolas de tempo libre, debidamente constituídas e legalizadas.
- Os consellos locais e municipais de xuventude.
- As corporacións locais.
- Outras entidades públicas ou privadas que realicen actividades coa xuventude.
- Grupos de persoas mozas non asociadas que organicen actividades de tempo libre sen ánimo de lucro e, en todo caso, para efectos de realización dun programa de actividades para un mínimo de 15 persoas. Unha persoa integrante do grupo asumirá o papel de representante deste e, como tal, será responsable do cumprimento das obrigas que, como persoa beneficiaria, lle corresponden. Será necesario que o grupo teña unha denominación que o identifique.

**PREZO:** os recollidos no anexo I da Orde do 1 de abril de 2016 pola que se fixan os prezos privados correspondentes á prestación de servizos nas instalacións xuvenís xestionados pola D.X. Xuventude, Participación e Voluntariado ([DOG 08/04/2016](#)), con desconto do 50% para:

- grupos inscritos no Rexistro da Consellería como entidades prestadoras de servizos sociais
- asociacións xuvenís e as entidades prestadoras de servizos á mocidade, domiciliadas en Galicia e inscritas no correspondente censo ou rexistro dependente da D.X. Xuventude

**DOTACIÓN:** o uso das instalacións ofertadas suporá dispor:

- dos servizos de auga, gas, electricidade e alimentación en réxime de pensión completa.
- do material (excepto o correspondente ás actividades que a entidade ou grupo vaia desenvolver) que, no caso dos campamentos, comprenden tamén tendas de campaña, colchóns e mantas.
- xerencia e persoal de servizo.

### MÁIS INFORMACIÓN:

D.X. de Xuventude, Participación e Voluntariado  
Edificio de Traballo, 3º andar, San Lázaro  
15707 Santiago de Compostela  
Telf. 881 999 025  
Correo-e: [ofertaconcertada.benestar@xunta.gal](mailto:ofertaconcertada.benestar@xunta.gal)  
[www.xuventude.net](http://www.xuventude.net)

**PUBLICACIÓN:** [DOG 22/04/2019](#)





## Proxecto EMPRURAL: emprendemento xuvenil no rural

A Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado da Consellería de Política Social pon en marcha a edición 2019 do proxecto "EMPRURAL: emprendemento xuvenil no rural", co obxecto de facilitar aos mozos e mozas a súa orientación profesional e futura inserción sociolaboral en comarcas locais.

**DURACIÓN:** de maio a novembro de 2019.

### REQUISITOS:

- Mozos/as de territorios rurais con idades comprendidas entre os 16 e 30 anos en fase de finalización de estudos, desempregados ou en situación de abandono escolar.

### ACTIVIDADES:

#### 1. Safari de emprego no territorios:

- Duración: 3 meses (maio-xullo 2019). 12 sesións. Sesións de 1 día a semana (3/4 h)
- Contido: análise de casos prácticos de éxito, traballarase iniciativas emprendedoras, participarán emprendedores presentando as súas experiencias, profesionais dos sectores de interese, realizaranse visitas técnicas a empresas de referencia. Esta actividade constará de 2 partes: Sesións teóricas de traballo nos centros de impartición da actividade, Espazos Xove de Lalín e Carballo, e sesións prácticas grupais e individuais con saídas ao territorio, visitas, dinámicas grupais.

#### 2. Formación para a inserción - grupo

- Duración: 2 meses (maio-xuño 2019)
- Contido: formación básica adaptada ás necesidades do grupo, en eidos nos que se amosen certas necesidades, como poden ser a comunicación, innovación, TIC, normativa, etc. Inclúe formación básica sobre a xestión da actividade comercial e empresarial, formación específica, á demanda dos participantes: loxística, comunicación, xestión empresarial, busca activa de emprego...

#### 3. Formación na empresa - individual:

- Duración das estadias: Mínimo 60 h. de prácticas e máximo 360 h. A xornada de prácticas terá unha duración máxima de 7 horas.
- Contido: estadias profesionais en empresas do sector de interese de cada participante, fomentando a aprendizaxe pola práctica e o contacto continuo coa realidade empresarial.
- Poderán participar aqueles mozos/as que a demanden ou precisen e poderanse realizar estadias dentro do período de tempo comprendido entre os meses de maio a outubro de 2019.

#### 4. Tutorización e seguimento individual

- Duración: a partir do mes de maio de 2019 e durante toda a execución do proxecto.
- Contido: ao longo das diferentes fases terán lugar reunións do equipo técnico con cada participante para o seguimento do seu itinerario de inserción e a articulación de medidas adaptadas a cada caso.

#### 5. Captura de proxectos

- Duración: 1 mes - último mes do proxecto (novembro 2019)
- Contido: fase de conclusións.

**INSCRICIÓNS:** ata o 08/05/2019 mediante o envío do formulario electrónico accesible na web (a admisión será por orde de inscrición, ata cubrir a totalidade de prazas convocadas)

### MÁIS INFORMACIÓN:

**Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado**

Edificio de Traballo, 3º andar, San Lázaro  
 15707 Santiago de Compostela  
 Telf. 981 54 48 54 / 981 54 46 45

[roteiros.ctb@xunta.gal](mailto:roteiros.ctb@xunta.gal)

Web: [www.xuventude.net](http://www.xuventude.net)



## Guía TI ELIXES!

Con motivo da realización das XXVII Xornadas de Orientación Universitaria e Profesional, a Concellaría de Xustiza Social e Coidados publica a edición 2019 da Guía Ti Elixes!.

Esta guía consta de 2 documentos:

1. un **directorio** de fontes de información sobre **emprego e educación** cos recursos máis salientables nestes dous ámbitos
2. unha selección das **bolsas** convocadas nestes dous últimos anos por entidades públicas e privadas.

A recopilación da información foi realizada polo Centro Municipal de Información Xuvenil do Concello da Coruña, que pon a disposición da xuventude unha asesoría educativo-profesional onde obter información e asesoramento neste eido, e consultar as diferentes convocatorias de interese para a comunidade educativa, como bolsas, prácticas profesionais, etc.

\*Descarga a [Guía Ti Elixes 2019](http://www.coruna.gal/cmixon/educacion/recursos/publicacions) en [www.coruna.gal/cmixon/educacion/recursos/publicacions](http://www.coruna.gal/cmixon/educacion/recursos/publicacions)

### MÁS INFORMACIÓN:

**Centro Municipal de Información Xuvenil**

R/ Río Monelos, 1 (15006- A Coruña)

Tel.: 981 184 294

Correo-e: [cmix@coruna.es](mailto:cmix@coruna.es)

[www.coruna.gal/cmixon](http://www.coruna.gal/cmixon)

